
O ARTISTA QUE PINTOU UN CABALO AZUL

Texto e ilustracións de ERIC CARLE

Tradución de CHEMA HERAS

Encadernado en cartón. 23 x 30 cm. 32 páx. 15 €.

O artista que pintou un cabalo azul (galego)
ISBN 978-84-8464-781-2. Tras os montes.

El artista que pintó un caballo azul (castelán)
ISBN 978-84-92608-54-6. Libros para soñar.

L'artista que va pintar un cavall blau (catalán)
ISBN 978-84-15170-13-6. Kalandraka-Hipòtesi.

Zaldi urdin bat margotu zuen artista (éuscaro)
ISBN 978-84-7681-708-7. Kalandraka-Pamiela.

O artista que pintou um cavalo azul (portugués)
ISBN 978-989-8205-64-3. Livros para sonhar.

*"Son un artista e pinto... un cabalo azul e...
un crocodilo vermello e... unha vaca amarela e..."*

"O artista que pintou un cabalo azul" é unha homenaxe ao pintor alemán Franz Marc (1880-1916), precursor do expresionismo. O seu cadro "Cabalo Azul I" serviu de inspiración para este libro de Eric Carle, que descubriu a obra deste pintor a través do seu profesor de arte, Herr Krauss, cando o réxime nazi prohibía a creación e a difusión desta vangarda pictórica e cultural. Precisamente, o gusto de Eric Carle pola cor en todas as variedades, tonalidades e texturas posibles, é froito desta influencia.

Trátase dun libro para prelectores e primeiros lectores que, a partir dun texto moi simple, vansen familiarizando con toda a gama cromática. Ademais, como se representa unha ampla sucesión de animais domésticos e salvaxes, pintados con formas, trazos e cores pouco convencionais, este álbum non só contribúe a reforzar a imaxinación, senón tamén a transmitir a importancia da liberdade creativa. Ao mesmo tempo que se lle achega ao público a figura do artista, tamén se introducen nocións de Arte e de Historia que lles interesan aos lectores de todas as idades.

"O artista que pintou un cabalo azul" ten un trasfondo autobiográfico: Eric Carle retrátase como un ilustrador que non se cingue estrictamente á realidade, mostrándose orgulloso de practicar un estilo característico que o distingue.



-
- **Temática:** cores, animais, arte.
 - **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
 - **Aspectos destacables:** conceptos artísticos, expresionismo; historia da Arte; baseado na obra de Franz Marc.
-

Eric Carle

(Siracusa, Nova York, 1929)

Autor de máis de 70 álbums, Eric Carle comezou a ilustrar libros en 1967, logo de moitos anos exercendo como director de arte nunha axencia de publicidade. Estudou na prestixiosa escola de arte Akademie der Bildenden Künste, de Stuttgart, en Alemaña. Regresou a Norteamérica en 1952, cun portafolio e 40 dólares no peto, buscando unha oportunidade que lle chegou como deseñador gráfico para The New York Times. O primeiro libro da súa completa autoría foi *1,2,3, to the Zoo* (1968), ao que seguiu *The very hungry caterpillar*. Foi galardoado co Premio da Feira Internacional do Libro Infantil de Boloña, e distinguido pola Asociación de Libreiros Infantís e mais a Asociación Americana de Bibliotecas. Eric Carle ten dito: "Con moitos dos meus libros intento tender unha ponte entre o fogar e a escola. O paso do fogar ao colexio é o segundo maior trauma da nenez; o primeiro, por suposto, é nacer. En ámbolos casos deixamos un lugar de calidez e protección por outro descoñecido. Creo que os nenos son creativos por natureza e capaces de aprender. Nos meus libros intento conter ese temor, reempazalo cunha mensaxe positiva. Quero ensinarlles que aprender é realmente fascinante e divertido".

